

CONCERTOS DIDÁCTICOS NOS CENTROS ESCOLARES



250 Aniversario do nacemento de W.A. Mozart (1756-1791)

- Marzo e abril de 2006 -

Este Ciclo de concertos comentados de música clásica nos centros escolares que promove o Departamento de Educación e Mocidade ten como obxecto propiciar un achegamento máis directo á interpretación e ao coñecemento dos instrumentos musicais. Outra característica importante é que se pretende relacionar a música con outras disciplinas artísticas (como a pintura, a literatura, a arte, a arquitectura,...) e tamén con diferentes períodos históricos.

Precisamente este ano que se celebra o 250 aniversario do nacemento de Wolfgang Amadeus Mozart parecíanos interesante incorporarlo como contido central do programa deste ano.

Sinalamos exemplos de propostas desenvolvidas ata o momento para centros escolares de secundaria e nos que participaron 8.400 escolares: *"A música e a palabra"*, *"A música e a pintura: escoitar e observar"*, *A orquestra de corda*, *Ciclo de concertos de música barroca*, *"A música da Europa do Leste"*.

Características do programa:

Obxectivos:

- ? Aproximar aos escolares á música a partir dun programa didáctico lúdico e participativo adaptado ás idades dos destinatarios do mesmo.
- ? Propiciar o descubrimento da linguaxe musical e achegarse ás posibilidades sonoras e expresivas dos diferentes instrumentos a partir de audicións en directo.
- ? Completar a formación musical dos escolares e propiciar o contacto directo cos instrumentos da orquestra clásica.

Contados e pezas musicais:

- **Son e orixe dos instrumentos de corda** pinzada e fregada, principios básicos dos instrumentos de corda. Os escolares escoitarán como sona cada un e apreciarán as súas posibilidades sonoras.
- **Breve descrición histórica da época** e audición do I *Movemento da Pequena Serenata Nocturna* (obra de referencia durante todo o concerto).
- **As raíces da música de Mozart:**

A música dos países de fala alemá: a *polifonía*.

Exemplo dunha fuga "O arte da fuga" de J. S. Bach.

A música italiana: a *melodía*.
Exemplo, *As Estacións* de Vivaldi.

- A polifonía e a melodía na "Romanza", *II Movemento da Pequena Serenata Nocturna*.

- **O entorno de Mozart.** A influencia de F. J. Haydn.

Exemplo dun cuarteto de Haydn.

- **Os compositores contemporáneos fóra de Viena.**
Exemplos de Boccherini, M. Canales e B. Chiodi.

- **A vida cotiá de Mozart e a Corte Imperial**
Exemplo, Menuetto. Terceiro Movemento da Pequena serenata Nocturna.

- **A xenialidade de Mozart**. Don divino ou consecuencia de factores obxectivos. Mozart, Salieri.
Exemplo, "Scherzo instrumentali a 4".

- **Base da estética do clasicismo:** o culto á perfección. Mozart, o último e maior representante do clasicismo.
Exemplo: Rondó-Finale da Pequena Serenata Nocturna.

Remate do concerto.

Intérpretes: Camerata "Quiodi" (cuarteto de corda) e un presentador.

A quen se dirixe: educación secundaria obligatoria e post-obrigatoria.

Lugar de realización: centros de ensino de Santiago de Compostela.

Datas de realización:

Mes de marzo: 10,13, 22,23 e 24

Mes de abril: 7,17,18,19

Nº de concertos: 10.

Horario das sesións (a escoller): ás 10 h. e ás 12 h.

Duración das sesións: 50 minutos.

INFORMACIÓ N:

Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela.

Tfno: 981- 55 44 00. dptoeducacion@aytocompostela.es

CONCERTOS DIDÁCTICOS
NOS CENTROS ESCOLARES



250 Aniversario do nascimento de W.A. Mozart (1756-1791)

- Marzo e abril de 2006 -